

Hoxe, o movemento pola diversidade afectivo-sexual e de xénero de Compostela saímos á rúa para conmemorar a nosa data de maior repercusión: o Día Internacional do Orgullo LGBT. 50 anos pasaron dende aquel 28 de xuño no que, no medio dunha gran redada policial, as persoas que estaban no bar Stonewall Inn rebeláronse contra as autoridades represoras e deron o pulo necesario para o florecemento do movemento pola liberación LGBT nos Estados Unidos e no mundo.

Ás nosas predecesoras débémolles o mundo no que vivimos hoxe, seguir a mudalo cara mellor é a nosa responsabilidade coas xeracións que están por vir. Non esquecemos a nosa solidariedade colectiva, nin o traballo que queda por facer, pero hoxe temos que lembrar a todas aquelas que nos acompañaron e arriscaron todo polo ben común, elas son o cemento desas seis cores que nos representan. Seis cores que son seis berros de orgullo, polo dereito a ser, a sentir, a expresarnos, a vivir con dignidade, a non sermos cuestionadas, a non encasillarnos nun sistema binario e pechado e a amar a quen e como queiramos.

A sociedade occidental capitalista na que se atopa Galiza establece como un dos seus piares o modelo de familia nuclear heteropatriarcal, baseada nun modelo de división sexual do traballo que permite aos homes vender a súa forza de traballo mentres as mulleres, que de cotío tamén son explotadas polo capitalismo nos seus propios postos de traballo, ocúpense de manter o fogar e proporcionar coidados ás próximas xeracións traballadoras, xunto con anciáns e persoas enfermas. Este sistema susténtase por unha banda no binarismo de xénero, que divide a toda a sociedade en dúas categorías diferenciadas e opostas, e na cisheteronorma, que discrimina e menospreza as relacións entre persoas do mesmo xénero ou a propia existencia de persoas cuxo sexo-xénero rompe co patrón binario de pene-home-masculinidade e vaxina-muller-feminidade.

Rexeitar esta norma, vivir expresando afectos diverxentes ou identidades subversivas implica ser diferente, e polo tanto recibir un castigo en forma de LGBTfobia. A violencia que denunciarnos aféctanos durante toda a nosa cotidianeidade, reproducíndose en espazos que en toda sociedade democrática deberían ser seguros e co amparo de moitas das institucións galegas e do estado español, dificultando as nosas vidas e levándonos, en moitos casos, a perdelas. A pirámide das violencias está presente na vida de todas nós dende que saímos a rúa cada mañá, e, incluso, en moitas das nosas casas torpedeadas por familias seducidas polo discurso da ultradereita. Diante

disto, a moitas só nos queda fuxir, e a cidade de Compostela, un destino que se presenta como seguro e inclusivo, non sempre o é. Poñer un pé na rúa é unha lotería que moitas veces se salda con agresións, insultos e violencia, mesmo tamén con esas formas banais de discriminación representadas polas miradas e os comentarios. Agora ben, nós sabemos que non son feitos illados froito da desorde mental duns poucos perturbados, senón que esas situacións son a mesma reprodución dun sistema LGBTfóbico. A pirámide é moi extensa, pero só por nomear algúns exemplos desta violencia cotiá podémonos referir a situación pola que pasamos as persoas trans nos centros de saúde, moitas veces humilladas en público e en privado por un servizo “social” -si, entre aspas-, que nos cataloga como enfermas mentais, que cuestiona a nosa forma de vestir, a quen amamos ou con quen nos deitamos, estándares ríxidos dentro do seu modelo do que é un home ou unha muller, e para o que a existencia das persoas non binarias é inimaxinable. Unha violencia que continúa na busca de traballo, abocada ao fracaso como demostran uns niveis de paro superiores ao 80% para as persoas trans. Unha violencia que, en certa medida, pode ser paliada coa obtención dun DNI que reflecta a nosa verdadeira identidade, algo que segue a ser unha batalla para moitas pola inacción e atrancos do goberno, deixándonos a adultas e crianzas vítimas da arbitrariedade, dependendo de que as funcionarias, psicólogas e demais profesionais coas que tratemos teñan formación e predisposición a axudar.

Como pretenden estas institucións ás que nos referimos que a sociedade avance cara ao respecto e a inclusión se non o fan elas? Se as súas leis están obsoletas? Non entenden que cada vez que ten lugar unha destas violencias institucionais están xustificando e lexitimando todas as demais violencias?

Hoxe, o noso movemento sae á rúa para berrar que estamos orgullosas de ser quen somos. Que estamos fartas de escondernos, de camuflarnos, de intentar encaixar. Que o Orgullo é e será unha protesta, e os seus principios e valores non deben desvirtuarse en beneficio do interese do gran capital e as políticas homonacionalistas que nos instrumentalizan para exercer maior opresión cara outros colectivos e nesta e noutras nacións. Que en Stonewall foron fundamentais dúas mulleres trans racializadas prostitutas, a quen nunca esqueceremos, mais tamén lesbianas butch, gays latinos, e ducias de persoas máis de grupos oprimidos, xa que a nosa loita foi dende un primeiro momento unha loita colectiva, interseccional e diversa. E por iso imos berrar que chegou o momento de queimar todos os armarios, que xuntas podemos

mudar a sociedade, e facer avanzar ao pobo galego do patriarcado a un feminismo amplo e inclusivo; da cisheteronorma á diversidade de afectos, desexos e identidades. Da desigualdade e a pobreza á xustiza social. Desviadas da norma, diversas, orgullosas de ser e de amar diferente.

Na Galiza precisamos rapidez e determinación por parte dos concellos, diante dunha Xunta que permitiu situar o país á cola do Estado e de Europa. Precisamos do compromiso das institucións máis alá de pequenas mostras simbólicas. Demandamos mudanzas que melloren a nosa calidade de vida, e querémolas xa. Nin un paso atrás!